

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 26 DE AGOSTO DE 2022

Ás 10:05 horas do día 26 de agosto de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 23 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
 D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
 D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación
 D. José Ángel Otero Lamas, xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 5, 6 e 11e)
 D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste ao punto 7)
 D^a. Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste ao punto 11a)
 D. Juan Manuel Sánchez González, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos (asiste ao punto 11b)
 D^a. Begoña Arranz González, xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético (asiste ao punto 11c)
 D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste ao punto 11d)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 19 de agosto de 2022, o día 22 de agosto, se concedeu un prazo de tres días a EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. (Lotes 1 e 3) para que emendase a documentación persoal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:31	Páxina 1 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA84H-C7D52F-4A3132-DFERBT-PM9A69-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O licitador presentou documentación en prazo.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. (Lotes 1 e 3) por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación mixta da iluminación decorativa da Cidade de Vigo na campaña do Nadal 2022-2023 (8.674-106)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106)

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación mixta da iluminación decorativa da Cidade de Vigo na campaña do Nadal 2022-2023 (8.674-106)

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de "Mellora pavimentación e seguridade da estrada Clara Campoamor" (1.062-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:31	Páxina 2 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA84H-C7D52F-4A3132-DFERBT-PM9A69-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial, os enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos e o enxeñeiro industrial do programa Next Generation UE e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 19 de agosto de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación obras do proxecto de "Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209" (1.184-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos do programa Next Generation UE e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 18 de agosto de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de "Mellora pavimentación e seguridade da estrada Clara Campoamor" (1.062-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	379.966,12 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	373.882,07 €
3	NAROM, S.L.	317.633,31 €
4	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	349.737,19 €
5	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	359.305,47 €

Asiste á apertura D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI **. *13.54*, en representación de Federación Gallega de la Construcción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación obras do proxecto de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:31	Páxina 3 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA84H-C7D52F-4A3132-DFERBT-PM9A69-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209" (1.184-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U	595.190,11 €
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	559.190,22 €
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	552.514,74 €

Asisten á apertura D. FELIPE CARRASCOSA HERNÁNDEZ, con DNI ****.*09.54***, en representación de CIVISGLOBAL S.L.U. e D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI ****.*13.54***, en representación de Federación Gallega de la Construcción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do soporte para o sistema xestor de contidos (Typo3) (9.825-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica do 23 de agosto de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con SERINZA SOLUTIONS, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación infórmase que con data 22 de agosto de 2022 se notificou a resolución de clasificación co requirimento de documentación aos licitadores clasificados en primeiro lugar, KOREMI REHABILITACIÓN, S.L (lotes 1, 2, 3 e 4) e BARAFUNDA, S.L. (lote 5), que presentan documentación dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:31	Páxina 4 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA84H-C7D52F-4A3132-DFERBT-PM9A69-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



En relación coa documentación presentada por KOREMI REHABILITACIÓN, S.L para os lotes 1, 2, 3 e 4, non se acredita correctamente a solvencia técnica dado que os certificados achegados polo licitador doutros contratos similares non indican importe, polo que non se pode constatar que dispoña da solvencia esixida na cláusula 8.4.3º do PCAP (*"Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ao ao 70% prezo do lote correspondente"*).

A documentación presentada por BARAFUNDA, S.L. para o lote 5 é correcta.

Á vista da documentación presentada a Mesa acorda, por unanimidade:

1. Ao non terse cumprimentado adecuadamente o requirimento formulado a KOREMI REHABILITACIÓN, S.L (lotes 1, 2, 3 e 4) no prazo concedido, solicitar a mesma documentación aos licitadores clasificados en segundo lugar nos referidos lotes (BIGLAB, S.L.U. (B-36.892.404) -lotes 1 e 3-, VIGO POR LA DANZA (G-01.905.975) – lote 2- e BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402) -lote 4-, en virtude do disposto no artigo 150.2 da LCSP:
 - Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
 - A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
 - Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares."
2. Formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) (lote 5)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:31	Páxina 5 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA84H-C7D52F-4A3132-DFERBT-PM9A69-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa Vigo en Festas.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 18 de abril de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 25 de maio de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 119.790,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 99.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 "FESTAS DE VIGO" do programa orzamentario de Festas.

A distribución por anualidades (con IVE) é a seguinte:

- 104.604,50 € (87,32 % de 119.790,00 para o ano 2022)

- 15.185,50 € (12,68 % de 119.790,00 para o ano 2023)

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 27 de xullo de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) na seguinte orde descendente:

LOTE	CLASIFICACIÓN	LICITADOR	Puntuación TOTAL
1	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	BIGLAB, S.L.U	54,60
2	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	VIGO POR LA DANZA	44,50
	3º	BIGLAB, S.L.U	33
3	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	BIGLAB, S.L.U	33
4	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	BARAFUNDA, S.L.	58,53
5	1º	BARAFUNDA, S.L.	70,79



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	2º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
--	----	----------------------------	----

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, KOREMI REHABILITACIÓN, S.L (lotes 1, 2, 3 e 4) (B-36898005) e BARAFUNDA, S.L. (lote 5) (B-27756402), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, KOREMI REHABILITACIÓN, S.L (lotes 1, 2, 3 e 4) e BARAFUNDA, S.L. (lote 5), o día 27 de xullo de 2022, que presentan a documentación requirida o 11 e 12 de xullo de 2022, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 19 de agosto de 2022, acordou conceder un prazo de tres días aos dous licitadores para que puidesen emendar a documentación presentada. Este acordo notificouse o 22 de agosto. Dentro do prazo concedido os licitadores presentaron documentación.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de agosto de 2022 revisou a documentación presentada, sendo correcta a documentación presentada por BARAFUNDA, S.L. (lote 5), polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste lote.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar no lote 5, BARAFUNDA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:31	Páxina 7 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA84H-C7D52F-4A3132-DFERBT-PM9A69-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BARAFUNDA, S.L. (lote 5), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 6 e 18 de xullo de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a BARAFUNDA, S.L. (B-27756402) o lote 5 do procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) por un prezo máximo de 26.620,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.620,00 euros, cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios da cláusula 5 do PCAP do 2,51%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto mixto para a contratación de servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo (15.161-445)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Infórmase que con data 5 de agosto de 2022 se notificou a resolución de clasificación co requirimento de documentación ao licitador clasificado en primeiro lugar, RECALVI, S.L., que presentou documentación o 23 de agosto, dentro do prazo concedido.

Unha vez revisada a referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, concederlle un prazo de 3 días para que emende a seguinte documentación:

- Solvencia económica: deberá acreditarse segundo o esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP ("Acreditarse por medio das contas anuais aprobadas e depositadas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:31	Páxina 8 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA84H-C7D52F-4A3132-DFERBT-PM9A69-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito”).

- Solvencia técnica: deberá acreditarla segundo o esixido no apartado 5C do Anexo I -FEC- e na cláusula 8.4.3º do PCAP (“... mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”).
- Habilitación profesional: deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP: “os talleres deberán estar legalmente inscritos e clasificados en función das ramas de actividade esixidas (cláusula 4.1.A do PPTP) de acordo coas condicións legais establecidas no Decreto 108/2017, do 2 de novembro, que modificou parcialmente o Decreto 70/2011, do 7 de abril, que regulan actividade industrial, prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles, equipamentos e compoñentes, especificados pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

Asemade deberán dispoñer de:

- Licenza de actividade conforme á Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera
- Número de inscrición no rexistro como produtor de residuos e identificación do xestor de residuos que ten contratado”

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (52.198-444)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (52.198-444)

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:31	Páxina 9 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA84H-C7D52F-4A3132-DFERBT-PM9A69-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- Con data do 25 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE MANTENIMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECÁNICAS E DE ILUMINACIÓN PÚBLICA VIARIA DO CONCELLO DE VIGO.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e pola Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético en data 31.03.2022, e os seus Anexos asinados en data 21.04.2022.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 25.04.2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "SETE MILLÓNS TRESCENTOS TRINTA E CINCO MIL CATROCENTOS TRINTA TRES MIL EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS" (7.335.433,62 €), IVE engadido, sendo o importe correspondente ao IVE de 1.273.091,78 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1650 2279903 (Contrato mant. iluminación, tuneis, galería), de acordo coas seguintes anualidades:

2022	1,276,986.30 €
2023	3,002,466.00 €
2024	3,055,981.32 €
TOTAL	7,335,433.62 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- Mediante resolución nº 107/2022 do 9 de xuño de 2022 o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia desestimou o recurso especial en materia de contratación interposto por D. José Alfonso Marnotes González, na súa condición de concelleiro, contra os pregos desta licitación.

Terceiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:31	Páxina 10 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA84H-C7D52F-4A3132-DFERBT-PM9A69-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión da UTE ORECO BALGON, S.A. - CONSTRUCC. INST. Y TRACCIÓN, S.A. e da UTE TECNOCONTROL SERVICIOS, S.A. - SIEL VIGO, S.L. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de agosto de 2022, por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I – FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (52.198-444) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) – ELEUKON GLOBAL, S.L.U.	91,39
2	UTE EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. – MANTEN, S.L.	90,41
3	UTE S.I.M. RUBATEC, S.A. - VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	85,40
4	UTE FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U. - FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, S.A.U.	81,89
5	IMESAPI, S.A.	81,69
6	FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A.	77,18

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) – ELEUKON GLOBAL, S.L.U. (A-08001182), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Cuarto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) – ELEUKON GLOBAL, S.L.U., o día 10 de agosto de 2022, que presenta a documentación requirida o 24 de agosto, dentro do prazo concedido, agás a acreditación da solvencia técnica de ELEUKON GLOBAL, S.L.U. que se presentou o 25 de agosto, unha vez rematado o prazo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de agosto de 2022 admitiu a documentación presentada en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos



Contractuales) e considerouna correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) – ELEUKON GLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) – ELEUKON GLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 28 de xullo e 4 de agosto de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón da resolución da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), do 10 de agosto de 2022, pola que se exclúe á UTE ORECO BALGON, S.A. - CONSTRUCC. INST. Y TRACCIÓN, S.A. e da UTE TECNOCONTROL SERVICIOS, S.A. - SIEL VIGO, S.L. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de agosto de 2022, por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I – FEC- do PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:31	Páxina 12 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA84H-C7D52F-4A3132-DFERBT-PM9A69-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2. Adxudicar a UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) (A-08001182) - ELEUKON GLOBAL, S.L.U. (B-27.775.063) o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (52.198-444) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 6.607.247,91 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.146.712,45 euros, co seguinte detalle:

Concepto	Prezo total	Cota IVE
Parte fixa	5.812.427,09 €	1.008.768,34 €
Parte variable	794.820,82 €	137.944,11 €
Total	6.607.247,91 €	1.146.712,45 €

b) Oferta como minoración das porcentaxes dos "gastos xerais" e "beneficio industrial" fixados no PPTP de aplicación os prezos unitarios para as actuacións programadas (anexo II do PPTP), os seguinte valores:

- (BGG%): 3% unidades porcentuais para a minoración dos "Gastos Xerais" definido no PPTP de aplicación os prezos unitarios do PPTP.
- (BBI%): 1% unidades porcentuais para a minoración do "Beneficio Industrial" definido no PPTP de aplicación os prezos unitarios do PPTP.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

d) Procedemento aberto para a contratación da prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico dun software, en modalidade de "Software as a service" (SAAS), para a xestión integral de parques para o Servizo Contraintendios do Concello de Vigo (6.610-213)

Retírase este asunto da orde do día.

e) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tercio de Afora" (640-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Infórmase que con data 11 de agosto de 2022 se notificou a resolución de clasificación co requirimento de documentación ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGON, S.A., que presentou documentación o 22 de agosto, dentro do prazo concedido.

Unha vez revisada a referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, concederlle un prazo de 3 días para que poida presentar o anexo IV do PCAP (nomeamento de delegado e acordo de confidencialidade) esixido na cláusula 22.2.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:31	Páxina 13 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA84H-C7D52F-4A3132-DFERBT-PM9A69-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:31	Páxina 14 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA84H-C7D52F-4A3132-DFERBT-PM9A69-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		